



RESUMO DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA

Materia	MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS II	Curso	2 BAC
Profesor/a	CARMEN NOVO FOLGUEIRA		

CONTIDOS

1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> 1.-Matrices (Tema 2 do Libro) 2.-Determinantes (T3) 3.-Sistemas de ecuacións (T1) 4.-Programación Linear
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> 5.-Límites de funcións. Continuidade 6.-Derivadas. Técnicas de derivación 7.-Aplicacións das derivadas 8.-Representación de funcións 9.-Integral definida
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> 10.-Azar e Probabilidade 11.-Mostras e Estatística 12.-Inferencia Estatística. Estimación da media 13.-Inferencia Estatística. Estimación dunha proporción

Ao principio de cada tema dedicaranse unhas sesións a recuperar e reforzar os contidos non impartidos no curso 2019-20

DOCENCIA SEMIPRESENCIAL

No caso de ter que confinarse durante un tempo unha parte do grupo, o profesor/a comunicarase cos alumn@s a través da Aula Virtual, correo electrónico e se é necesario por Webex. As probas sinaladas nese período de tempo teranse que facer empregando a plataforma Webex no día e hora asignadas para dita proba.

DOCENCIA TELEMÁTICA

No caso de que todo un grupo se confine planificaranse as tarefas periodicamente e para a comunicación co grupo empregarase a Aula Virtual, correo electrónico e a plataforma Webex. Poderanse sinalar probas neste período de tempo.



AVALIACIÓN E RECUPERACIÓNS

En cada avaliación terase:

- Nota: media dos exames.
- A nota pode subir ou baixar ata un 20% segundo a actitude en clase e o traballo realizado.
- A nota obtida despois de aplicar a porcentaxe, aproxímase a dúas cifras decimais, e a nota que vai no boletín corresponde ao seguinte redondeo:
 - o Ata as 75 centésimas corresponde ao enteiro anterior
 - o Noutro caso ao enteiro seguinte
- Farase unha *recuperación/subida de nota* por avaliación, que:
 - o será despois da avaliación
 - o a súa realización será obrigatoria cando a nota da avaliación sexa inferior a 5
 - o incluírá toda a materia
 - o en ningún caso baixará a primeira nota

A nota da segunda avaliación será, no boletín, a media da primeira e da segunda.

A nota da terceira avaliación será a media das tres, coincidindo así coa nota final de curso.

Cando a nota final de curso sexa inferior a 4,75 haberá un exame final de toda a materia, no caso que non superen esa nota, deberán presentarse ao exame de Setembro.

No caso de confinamento prolongado de todo un grupo puntuarase a partes iguais os exames e os traballos.

CAMBIO DE MODALIDADE

Profesor responsable.- Carmen Novo Folgueira

Forma de superala.-

- Entrega de boletíns de exercicios
- 1ª proba.- en Xaneiro (primeira parte da materia)
- 2ª proba.- en Abril (segunda parte da materia)
- Se a media das dúas probas e igual ou superior a 4.75, a materia está aprobada.

MATERIAL OBRIGATORIO

- Caderno cuadriculado.
- Calculadora científica.
- Libro de texto.



ESTA PÁXINA É PARA ENTREGAR AO PROFESOR/A UNHA VEZ LIDO E FIRMADO

(As follas coa información son para o alumn@, non hai que devolvelas)

D./Dna.....

Nai/pai/titor legal do/a alumno/a:.....

Grupo

Recibín a información que figura neste documento.

Nai/pai/titor legal:

Alumno/a:

Asdo:

Asdo: